

A Mesa presenta unha nova Iniciativa Lexislativa Popular pola garantía dos dereitos lingüísticos >>> 6 a 8

Suplemento realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Quinta feira,
2 de marzo
de 2017
Número 11



Cintia París

En cifras

A Mesa pola Normalización Lingüística presenta o informe da Liña do Galego >>> 2

Informe **2016**



A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Educación

A Mesa e a CIG-Esino loitan contra a LOMCE >>> 4-5

A Mesa presenta o informe da Liña do Galego

A aplicación recolle as queixas, dúbidas e parabéns respecto ao idioma

Desde xullo do ano 2016, A Mesa puxo en marcha a app A Liña do Galego; o obxectivo desta aplicación é proporcionar as usuarias e usuarios unha nova forma de comunicación que permita o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda. Coa Liña do Galego quérese afortalar o obxectivo de dar cobertura e amparo ás persoas ás que se lles impide desenvolver a súa vida na lingua propia do país.



Cintia París

A Liña do Galego é un servizo gratuito que A Mesa pon a disposición da cidadanía desde o 2008 e no que se poden presentar queixas sobre a vulneración dos dereitos lingüísticos que fan algunhas institucións, empresas, etc ou tamén se poden facer consultas respecto a estes dereitos. Dentro deste servizo tamén se poden presentar parabéns para todos aqueles que garantan a presenza do galego e vivir no noso idioma.

A RESPEITO DO INFORME DO ANO PASADO, DUPLICÁRONSE OS CONTACTOS COA MESA, XA FOSEN PARA POREN QUEIXAS, CONSULTAS OU PARABÉNS

Explica o presidente da Mesa, Marcos Maceira, que respecto ao informe do ano pasado, duplicáronse os contactos coa Mesa, xa fosen para poren queixas, consultas ou parabéns. En total, foron 339 queixas, 24 consultas e 68 parabéns. Este aumento de contactos está relacionada coa aplicación para telefonía móbil Liña do Galego que se puxo en movemento en xullo do 2016, aínda así o presidente da Mesa valora que “realmente o número

de queixas que se tramitan son moi poucas en relación a todos os dereitos lingüísticos que se vulneran”.

Marcos Maceira fai un repaso polas estatísticas do informe e deu a coñecer que a Administración reúne o 51% das queixas e argumenta que pode ser debido a que existe unha maior conciencia de que as administracións públicas teñen que usar a lingua galega e o seu compromiso co idioma debe de ser maior. Dentro da Administración pública, quen encabeza a lista é o Sergas, seguido da Administración local e da Administración do Estado. Respecto ás empresas privadas, encabezan a lista as empresas de servizos, que recriminan aos seus clientes o uso da lingua galega e obrigaos a usar o castelán para completar os servizos. Sinala Maceira que “a chantaxe lingüística para forzar as usuarias e usuarios de servizos está á orde do día e mostra que vivimos nunha situación onde o racismo lingüístico está absolutamente naturalizado”. Para o presidente da Mesa, vivimos nun marco legal onde teoricamente todos e todas temos dereito a utilizar o galego nas nosas relacións de consumo mais, como na práctica as empresas non teñen obriga de corresponder, ese dereito non se pode exercer”. As empresas que operan na Galiza deberían ofrecer

en todos os casos a opción de galego e a Xunta ten que facer que así sexa. Se realmente quixer fomentar o emprego da lingua galega, debería comezar por eliminar os límites, as chantaxes e as coaccións que impiden levar a cabo unha vida no propio idioma.

Maceira declara que “desde A Mesa pola Normalización Lingüística non só nos cinguiremos a denunciar esta situación, realmente o que queremos é que a Administración pública actúe corrixindo legalmente esta situación”. Neste sentido, A Mesa presentou no Parlamento unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socio-económico que poña fin a esta situación e que garanta a igualdade dos e das galegofalantes nas súas relacións de consumo e socioeconómicas.


Por último, o presidente engade que “é increíble que en pleno século XXI os galegofalantes esteamos excluídos e non poidamos desenvolver con absoluta normalidade a nosa vida na nosa lingua”.

Desde A Mesa pola Normalización Lingüística animan a todas as persoas a pórse en contacto con ela para denunciar todas esas vulneracións gravísimas coas que a sociedade galega se atopa na vida cotiá.

Cintia París é xornalista.

Presentación da liña do galego na librería Couceiro.

Foto: Cintia París.



Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

Forma e uso dalgunhas preposicións

de especial atención na perspectiva de mellorarmos a calidade do galego.

Por exemplo, a preposición “a” é unha partícula con escaso corpo fónico que, no entanto, comparece en múltiples construcións con valores diversos, un deles o de servir de elemento de enlace con presenza obrigada nalgunhas perífrases verbais (“continúa a falar”, “comeza a estudar”) e preferente noutras (“voltou a chover”), mais que debe estar ausente noutras por ser propia do español e non do galego nese caso (“vou ler”, “imos ver”), como tamén non debe aparecer co complemento directo por norma xeral (“vin o teu fillo”, “lin Rosalía”, “admiro o Castelao político”). A presenza ou ausencia de “a” nestes e noutros casos constitúe un relevante índice de calidade lingüística.

Pola grande frecuencia de uso que teñen as preposicións en calquera tipo de produción lingüística, oral ou escrita, formal ou informal, é aconsellábel facermos unha boa escolla da forma máis acaída en casos en que presentaren duplicidade, sempre na procura de garantirmos a autenticidade –que evita a converxencia co español– e tamén a conveniente harmonización co ámbito lingüístico que nos é propio, o galego-luso-brasileiro. Neste sentido, é preferíbel utilizarmos “até” antes do que “ata”, pois en canto a primeira cumpre ambas as condicións indicadas, a segundo afástanos tanto do portugués como da tradición histórica, pois en todo o caso sempre tería de ser oxítone, como informara o profesor Carvalho Calero nun coñecido

artigo intitulado “Ata, desata e reata”. Polo mesmo criterio harmonizador semella aconsellábel o uso de “desde” face a “dende”, ambas con presenza na documentación histórica e a segunda talvez hoxe privilexiada por diferencialismo co español; mais nos criterios de calidade que aquí vimos utilizando primase a converxencia coa forma do sistema común galego-portugués.

Canto a “perante”, é equivalente á preposición “ante” ou á locución “diante de”, de maneira que diremos: “Fixo unha declaración perante a xuíza”. Tamén se debe ter en conta que “cara” non é unha preposición en galego, como tampouco o é o españolismo *”hacia”; a forma propia do galego é a locución preposicional “cara a”, substituíbel por “para”: “vai cara a Betanzos”, “camiña cara a ti”. Por seu turno, a preposición “após” equivale á locución “despois de” e partilla valores con “tras”; sempre que posíbel, debe ser privilexiada: “Após un tenso debate, asinouse a paz”. Outrosí, as locucións preposicionais “preto/perto de” e “cerca de” non son equivalentes, pois a primeira debe reservarse para indicar lugar e a segunda cantidade aproximada: “mora perto de aquí” vs. “había cerca de mil persoas na festa”.

Por último, tamén cómpre evitarmos o seguidismo do español nos usos preposicionais con certos verbos e ollarmos máis para o ámbito lingüístico propio. Deste modo, utilizemos construcións como “aproximarse do mar”, “apostar no nacionalismo galego”, “contribuír para a normalización da nosa lingua”, “viaxar de carro”, “pór en relevo” etc.

O uso acaído dunhas partículas aparentemente tan insignificantes pode significar –e de facto significa– moito no modelo de galego digno e con futuro que pretendemos construír.

**AS PREPOSICIÓNS
TEÑEN UNHA GRANDE
PRESENZA NA LINGUA
E MOITA IMPORTANCIA
NAS RELACIÓNS
SINTÁCTICAS**

Xosé Ramón Freixeiro Mato

As preposicións, como en xeral todas as palabras gramaticais, a pesar de seren maioritariamente monosílabos átonos con limitado e impreciso contido semántico, teñen unha grande presenza na lingua e moita importancia no establece-

mento de relacións sintácticas entre palabras, frases e cláusulas. Pola alta frecuencia de uso, as preposicións tamén foron obxecto dunha maior presión da lingua dominante, de modo que unhas se viron afectadas polo español na súa propia forma (“sen”>”sin”, “segundo”>”según”) e outras nos seus usos e valores (“louvaron *ao autor”). De aí que deban ser obxecto

Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.

A Mesa e a CIG-Ensino loitan contra a Maceira e Louzao propoñen un novo decreto que aposte polo e

As modificacións introducidas coa LOMCE na carga lectiva de diferentes materias da ESO incrementan a discriminación da lingua galega por riba da que xa vén sufrindo por mor do decreto 79/2010 de plurilingüismo. A aplicación da LOMCE ten como consecuencia nefasta que o alumnado de ESO teña 31 horas de docencia en español fronte a 18 en galego, se cursa ensinanzas aplicadas, e 21, se cursa ensinanzas académicas.

A MESA A CIG-ENSINO CONTINUARÁN COAS MOBILIZACIÓNS ATÉ CONSEGUIR UNHA NORMA QUE REALMENTE PERMITA O IMPULSO DO IDIOMA

Cintia París

O alumnado recibe 13 horas menos de docencia en galego que en español na modalidade de ensinanzas aplicadas e 10 menos nas académicas, no conxunto da ESO. Son datos que se suman á redución da presenza do noso idioma nas aulas por causa do decreto 79/2010: ausencia de medidas destinadas á inmersión na nosa lingua na educación infantil en contornos castelán falantes, redución do uso vehicular do galego a un terzo ou menos dun terzo nos centros plurilingües, prohibición do uso do galego nas materias técnicas que teñen a función de connotar positivamente o uso da nosa lingua, ausencia de concreción das materias e dos módulos que deben ser impartidos en galego en niveis como EPA ou FP, etc.; medidas absolutamente desaconselladas por persoas expertas e moi eficaces para restar falantes ao noso idioma.

A nosa lingua está oprimida por unha lexislación que lle impide respirar e que a afoga cada día máis. A lingua galega precisa espazo e hoxe máis que nunca necesita que o ámbito educativo aposte decididamente pola normalización plena, pois é xa a única ferramenta que pode impedir que o noso idioma se vexa cada día máis reducido por uns usos sociais que non lle dan ningunha oportunidade.

Se na rúa, no comercio, no ocio, nos medios de comunicación, no cine, na prensa ou na televisión o alumnado non atopa referencias para poder desenvolverse en galego, a escola ten que darlle esa ferramenta e ten que garantir que o día de mañá sigan sendo galegas e galegos e iso só pode ser posíbel se falan galego. Porque a lingua é o que nos identifica, sen ela, como dixo Manuel María, non somos ninguén.

Para loitar por unha política lingüística verdadeira, que realmente queira



garantir a pervivencia da nosa lingua, A Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino propoñen que se elabore un novo decreto que aposte polo ensino en galego, sen excusas nin subterfuxios, e que a Consellaría demostre un compromiso coa nosa lingua adoptando a primeira medida que redundaría no incremento do seu uso: a derrogación inmediata do decreto de plurilingüismo.

Fecha

A Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino xunto con outras 50 persoas, fecháronse na Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxectivo de reunirse co Secretario Xeral, Valentín García, e conseguir o compromiso de seren recibidos polo conselleiro de Educación. Tras o recibimento, demandaron que se abra un debate para a elaboración dun novo marco xurídico que garanta dunha maneira sólida a normalización lingüística no ensino. Este feche

rematou despois de obter o compromiso da xuntanza.

O presidente da Mesa, Marcos Maceira, salienta que “non se pode consentir nin un minuto máis de desprezo e exclusión do galego no ensino. A Xunta debe cumprir a súa obriga de impulsar o galego e precisamos un ensino no noso idioma, e así llo faremos chegar ao conselleiro de Educación”.

Marcos Maceira alerta de que a Xunta pretende converter o galego nun “elemento accesorio”, “decorativo”, “prescindíbel” e “anecdótico” e denunciou que o goberno do PP ten o obxectivo de que o alumnado non teña competencia suficiente en galego cando remate o ensino obrigatorio.

Segundo explica o secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, “recoñeceu implicitamente que a situación do galego é, efectivamente, unha situación

LOMCE

ensino en galego



ilegal e irregular, na medida en que, neste intre, a exclusión e marxina- ción do galego é total, como conse- cuencia da aplicación da LOMCE”.

Nese sentido Louzao afirma que o secretario xeral manifestou que se estaba preparando unha Circular para adaptar o decreto de Plurilingüismo a LOMCE. “Desde a Mesa e mais da CIG-Ensino deixamos claro que isto é totalmente insuficiente e que a única saída é derrogar o de- creto de Plurilingüismo e abrir un de- bate dirixido a elaborar outra norma coa que se camiñe cara á plena nor- malización lingüística, co obxectivo de que o noso idioma teña a vixencia, vigor e sexa posíbel o seu futuro”.

A Mesa a CIG-Ensino continua- rán coas mobilizacións e accións até conseguir unha norma que real- mente permita a normalización do uso do noso idioma para que sexa a lingua vehicular no ensino en to- das as materias e en todos os niveis educativos.



Marcos Maceira e Anxo Louzao entrevístanse co conselleiro de Educación

Tras o feche realizado por re- presentantes da Mesa pola Normalización Lingüística e da CIG-Ensino nas de- pendencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o conselleiro de Educación, Román Rodríguez, con- cedeu unha entrevista. O obxecto da entrevista, no que estivo presente tamén o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, foi de- rrogar o decreto de plurilingüismo que, como consecuencia da aplicación da LOMCE, acrecentou a marxina- ción e a exclusión do ensino en galego, e de iniciar o proceso dunha nova norma que facilite a plena normalización lin- güística do galego no ensino.

Os representantes da Mesa e a

CIG-Ensino, cualificaron a xuntanza como “decepcionante” e sinalaron que por parte da Consellaría de Edu- cación “non amosa- ron vontade ningunha de cambiar”. Marcos Maceira e Anxo Louzao sinalaron que desde a Xunta, como moito, ían a enviar unha circular aos centros, unha medida que tanto A Mesa como a CIG-Ensino consideran totalmente insuficiente.

Ambas entidades acudiron a esta cita coa intención de expoñer ante o conselleiro a situación de “exclusión” e “eliminación” que o galego sofre no

ensino. As modificacións introducidas na carga lectiva de diferentes mate- rias da ESO, consecuencia da aplica- ción da LOMCE, supoñen unha “nova e acrecenta- da” discriminación do ga- lego respecto á contem- plada no decreto 79/2010. Este decreto establecía as materias que se debían impartir en lingua galega e en lingua castelá na ESO, cun total, nos catro cur- sos, de 25 horas en lingua

española e 24 horas en lingua galega. Porén, agora o alumnado de ESO terá 31 horas en español fronte a 18 en ga- lego, se cursa ensinanzas aplicadas, e 21 se cursa ensinanzas académicas.

HOXE MÁIS QUE NUNCA É NECESARIO QUE O ÁMBITO EDUCATIVO APOSTE DECIDIDAMENTE POLA NORMALIZACIÓN PLENA

Peche na Secretaría Xeral de Política Lingüística; Marcos Maceira e Anxo Louzao reunidos co conselleiro de Educación. Foto: Cintia París.

Unha ILP para garantir os dereitos lingüísticos

A Mesa pola Normalización Lingüística presentou no marco da súa Asemblea Xeral a Iniciativa Lexislativa Popular para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico. A iniciativa quere garantir materialmente, na práctica, o exercicio pleno do dereito a usar o galego para os e as consumidoras e usuarias en todas as relacións, for na atención oral e escrita, for na información, e conta xa co apoio inicial de 120 persoas destacadas de diferentes ámbitos: empresariado, representantes sindicais, de organizacións de consumidoras, do ámbito académico, xurídico, do deporte e da cultura.

Coa presentación desta iniciativa lexislativa popular (ILP) preténdese dar contido legal e formal ao dereito xa recoñecido dos galegos e galegas a usaren a lingua propia de Galiza nas relacións que manteñen coas empresas como clientes e clientas, consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias, e para garantir materialmente, na práctica, o exercicio pleno dese dereito, recibindo na mesma lingua todo tipo de información for na sinalización ou na atención oral e escrita, consonte ao disposto na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minorizadas, ratificada polo Estado español en 2001; ao sinalado no Título VI da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos asinada en 1996 e aprobada polo Parlamento galego ese mesmo ano, e concretado no Protocolo de Donostia para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos; e no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado unanimemente en 2004.

A normativa vixente, como a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, ou a Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, recolle o dereito á atención oral e escrita en galego, mais esta regulación non ten un desenvolvemento concreto, co que moi poucas empresas en Galiza permiten materialmente o seu exercicio ao non se establecer o deber da empresa de corresponder ese dereito de forma activa, utilizando a lingua elixida pola usuaria ou usuario que, en numerosos casos, se sente forzado a cambiar de lingua se non é comprendido por persoal da empresa. E, no que atinxe á documentación formal da relación comercial, vese compelido a non poder formalizala en lingua galega, pola falta de dispoñibilidade, con carácter ordinario, de modelos contractuais e

formularios na lingua propia.

Esta ausencia dun desenvolvemento que fixe o contido mínimo dos dereitos lingüísticos nas relacións comerciais provoca continuamente situacións de vulnerabilidade, indefensión, denegación da atención e da prestación dos servizos, todo o que supón unha discriminación por razón de lingua e unha penalización ilícita que sofre a parte máis feble da relación comercial: o consumidor e a consumidora. Por unha banda, vese menosprezada a opción lingüística malia ser o galego a lingua propia de Galiza e gozar dun status formal de cooficialidade. Por outra banda, esta desregulación afecta aos traballadores e ás traballadoras do ámbito da atención ao público, a quen nalgúns casos se lles impón a obriga de empregaren tan só unha lingua cooficial: o castelán, ou, como se viu nalgún caso recente, padecen as consecuencias da deslocalización en servizos que, coa exclusión do galego, poden ser prestados desde lugares moi afastados de Galiza.

ILP a favor dos dereitos lingüísticos nas relacións comerciais

Segundo advirte o presidente da Mesa,

Marcos Maceira, existen no Estado español máis de 500 disposicións legais que garanten a presenza do español, 200 delas só para o ámbito socioeconómico. Para o mesmo ámbito as galegas e galegos só teñen recoñecido o dereito a empregalo mais sen ter por que ser correspondido pola outra parte. “Queremos que o galego estea ao mesmo nivel, que sexa unha lingua para todo e que desaparezan as prácticas de chantaxe e as situacións de discriminación nas que se obriga a persoas a deixaren de falar galego para recibir servizos

M. MACEIRA: “QUEREMOS QUE O GALEGO ESTEA AO MESMO NIVEL QUE O ESPAÑOL, QUE SEXA UNHA LINGUA PARA TODO E QUE DESAPAREZAN AS PRÁCTICAS DE CHANTAXE”



Móniza Pazos, secretaria xeral da Mesa, e Elsa Quintas, vicepresidenta da Mesa, na presentación da ILP na librería Couceiro.



ou atención, en moitos casos por empresas subcontratadas pola administración”.

A ILP ten como obxectivo impulsar un desenvolvemento legal que fixe o contido mínimo dos dereitos lingüísticos nas relacións comerciais. “Queremos que desaparezan expresións como “o me habla castellano o no le atiendo”, e que a opción de galego estea sempre dispoñíbel tal e como acontece coa outra lingua oficial”, indica Maceira. Mesmo as empresas que queren desenvolver en galego toda a súa actividade atopan innumerábeis trabas legais e administrativas para o faceren coa mesma normalidade que se o fixesen en castelán ou en calquera outra lingua oficial nun Estado.

Campaña social

A Mesa comezará agora unha campaña para reunir miles de sinaturas

en toda Galiza durante os próximos catro meses. Para o presidente da Mesa “a sociedade galega foi a que conquistou os pequenos avances que tivo o galego e é hora de avanzar máis. Por iso é necesaria a activación que propomos mediante esta ILP.

A MESA COMEZARÁ AGORA UNHA CAMPAÑA PARA REUNIR MILES DE SINATURAS EN TODA GALIZA

Entre os aspectos que recolle están o recoñecemento pleno do dereito á atención galego, a recibir en galego calquera información, avisos ou instrucións, de maneira oral ou escrita, calquera que sexa o formato; o dereito a dispor de contratos e formularios en galego; o respecto pola toponimia galega, única legal e oficial; e o dereito á opción de galego na teleatención. A ILP contempla ademais que as administracións públicas dean exemplo ao contrataren servizos, garantindo a capacidade de atender e entender en galego e primando na contratación quen cumpra con todo

o anterior, e realizando unha ampla campaña informativa sobre o dereito a utilizar o galego.

Asemblea Xeral da Mesa

A iniciativa popular centrará a actividade da Mesa nos próximos meses e foi aprobada pola Asemblea xeral que escolleu una nova Comisión Permanente cuxa composición pasará de 7 a 9 persoas:

Presidente: Marcos Maceira Eiras (xestor cultural, Santiago)

Vicepresidenta: Elsa Quintas Alborés (avogada, Vigo).

Secretaria Xeral: Mónica Pazos (profesora, Foz)

Coordinador de zonas: Paulo Filgueiras Fachal (profesor, Miño)

Celia Armas García (profesora, A Coruña)

Xosé María Cotelo (técnico de aeroporto, A Laracha)

Manuel Rei Romeu (profesor, Ponte deume)

Susana Méndez García (enfermeira, Punxín)

Manuel Carniceiro Méndez Aguirre (consultor, Ourense)

A Asemblea Xeral fixou como obxectivos da nova Comisión permanente manter a liña de recuperación de espazos para o galego a través da activación e a mobilización da sociedade como mellor medio para avanzar nas novas conquistas que a lingua galega precisa. Neste sentido, a Asemblea da Mesa considera a ILP presentada unha oportunidade para avanzar colectivamente na conquista dun dereito fundamental: o de poder utilizar sempre o galego e eliminar os límites impostos. Para isto, sinalaron, non abonda con se queixar, é preciso mudar a situación para unha normalidade. As e os asistentes sinalaron ademais a importancia de manter unha entidade como a Mesa, que con máis de 4.000 socios e socias é a entidade cultural máis grande de Galiza, e que co seu esforzo e achegas permiten que a entidade só dependa dos seus propios recursos.

Proposición de Lei por Iniciativa Lexislativa Popular

Para garantir o uso do galego e garantir, a súa vez, o dereitos de todas as galegas e galegos a vivir no seu idioma, a continuación, expóranse as medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico.



Artigo 1. As persoas consumidoras e usuarias teñen dereito a seren atendidas en galego polas empresas que prestan servizos ou subministran bens en Galiza, con independencia da situación da súa sede social. Para estes efectos teñen dereito a recibir en galego:

a) A información de carácter fixo relativa aos produtos e servizos, a documentación contractual, os orzamentos, os resgardos de depósito, as facturas e os demais documentos que se refiran ou que se deriven deles, así como catálogos, certificados, manuais de instrucións para produtos e servizos, etc.

b) As informacións necesarias para o consumo, uso e manexo adecuados dos bens e servizos, de acordo coas súas características, con independencia do medio, formato ou soporte utilizado.

c) As mensaxes relacionadas coa información, a seguridade e a saúde nos produtos de todo tipo, incluído instrucións sobre medicamentos, información sobre os riscos dos produtos, e, espe-

cialmente, os datos obrigatorios relacionados directamente coa protección da saúde e a seguridade.

d) Os avisos e instrucións relacionados coa saúde e seguridade nas instalacións comerciais.

e) Os contratos de adhesión, os contratos con cláusulas tipo, os contratos normados, as condicións xerais e a documentación que se refira a eles ou que se derive da realización dalgún destes contratos.

f) Servizos de atención telefónica, cuxo tempo máximo de chamada en espera da clientela na opción de galego nunca será superior ao establecido para o castelán.

Ademais, a Xunta de Galiza fomentará, a través das accións oportunas, entre os titulares dos establecementos comerciais para que a lingua galega estea sempre dispoñíbel ás persoas consumidoras e usuarias en:

a) sinalización e información exterior das empresas comerciais, garantindo o cumprimento da normativa en materia de normalización lingüística en relación

á que a única forma legal da toponimia é a galega.

b) aplicacións informáticas, programas e interfaces dos produtos.

Artigo 2. No caso de as administracións públicas situadas en Galiza e entidades do sector público autonómico e local de Galiza contrataren a terceiros servizos que inclúan atención ao público deberán estas garantir o dereito á atención na lingua oficial que as persoas escollan. Para estes efectos, cando a persoa exprese o seu desexo a ser atendida en calquera das linguas oficiais, non poderá forzarse a expresarse noutra lingua, debendo garantir que o persoal ten competencia para garantir a atención en calquera das linguas oficiais.

Artigo 3. Os pregos de contratación de servizos da administración pública galega e das entidades do sector público galego poderán prever como valoración adicional nas licitacións públicas que as empresas promovan a normalización da lingua galega a través de plans, programas, acordos labo-

rais, códigos de boas prácticas lingüísticas ou instrumentos análogos, así como en materiais con contido lingüístico.

Artigo 4. O Goberno galego desenvolverá unha campaña de concienciación cidadá nos medios de comunicación, con especial atención nos de titularidade pública, co fin de informar e dar a coñecer o dereito pleno á utilización do galego e a recibir atención oral e escrita na nosa lingua en todos os servizos e empresas.

Esta campaña estará destinada ademais a fomentar o uso do galego nas relacións entre a clientela e as empresas provedoras de telefonía, compañías de seguros, provedoras de enerxía, servizos de transporte, institucións financeiras, provedoras de atención social e xeral e empresas que prestan atención sanitaria e servizos postais, sexa cal for a vía utilizada, mesmo a atención e ofertas a través de centros de chamadas.

Disposición derradeira

A lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.